



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 15 DE DECEMBRO DE 2005,
BAIXO A PRESIDENCIA DO EXCMO. SR.
D. EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se desenvolve o artigo 5 da Lei 1/2005, do 4 de xaneiro, do Centro de Estudos Xudiciais e Seguridade Pública de Galicia.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Decreto polo que se declara a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación de bens afectados polo proxecto de trazado da obra: autovía do Salnés. Treito: enlace coa PO-351-Sanxenxo. Clave PO/02/089.01.75.
- Decreto polo que se declara a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de trazado da obra: mellora de trazado e capacidade da C-550 Cee-Tui. Treito: Muros-Noia. Subtreito: límite municipal de Muros con Serra de Outes-Noia. Clave AC/03/006.01

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se transforma o Centro de Educación Primaria Príncipe Felipe do Concello de Pontevedra en centro de educación infantil e primaria.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Decreto polo que se crea o Comité Interdepartamental de Desenvolvemento Sustentable.



ACORDOS

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais e a Comunidade Autónoma de Galicia para a realización de programas de intervención social integral para a erradicación da pobreza.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a Asociación Galega de Residencias e Centros de Anciáns de Iniciativa Social "Acolle" para prestarlle a asistencia técnica e económica necesaria para o desenvolvemento da súa actividade, o fomento e promoción de actuacións e medidas favorecedoras de plena participación dos maiores na sociedade e da mellora da súa calidade de vida.
- Acordo polo que se autoriza a prórroga para o ano 2006 do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Deputación de Pontevedra para a atención de menores no Centro Residencial *Príncipe Felipe*.
- Acordo polo que se autoriza a prórroga para o ano 2006 do convenio de colaboración entre a Xunta e a Deputación da Coruña para a atención de menores no Centro Residencial *Emilio Romay*.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha prórroga para o ano 2006 do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a entidade *Aclad Alborada* de Vigo para a atención de menores en conflito social.
- Acordo polo que prorroga para o ano 2006 o convenio de colaboración entre a Xunta e a Asociación Arela para a execución da medida xudicial de asistencia a centro de día no Centro de Día Arela López-Mora (Vigo), así como doutras medidas xudiciais de medio aberto recollidas na Lei 5/2000 de responsabilidade penal dos menores.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do protocolo 2005 adicional ao convenio de colaboración entre o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais e a Xunta de Galicia para a realización do proxecto do Plan de Acción Integral para Persoas con Discapacidade.

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración que se subscribirá entre a Xunta e a Cruz Vermella para o desenvolvemento das accións de sensibilización social en favor da inmigración.



- Acordo polo que se aproba a modificación da relación de postos de traballo das consellerías, que implica a modificación do complemento específico e de destino de postos de servizos periféricos para homologalos aos postos homónimos centrais.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

- Acordo polo que autoriza o convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e a Universidade da Coruña para a celebración dun máster en Administración Financeira e Tributaria.
- Acordo polo que se autoriza o convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Facenda e a Universidade de Santiago de Compostela para a celebración dun Curso de Especialización en Dereito Tributario.
- Acordo polo que autoriza o convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Facenda e a Universidade de Santiago para a celebración dun Curso Posgrao de Administración Financeira e Tributaria.
- Acordo polo que se autoriza o convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Facenda e a Universidade de Santiago para a realización do VI Curso de Especialización en Propiedade Industrial e Dereito da Competencia.
- Acordo polo que se autoriza o convenio de colaboración entre a Xunta e a Universidade de Santiago para a celebración dun Máster en Banca e Finanzas.
- Acordo polo que se autoriza o convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Facenda e a Universidade de Santiago para a celebración dun Máster de Economía Sectorial Internacional.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Acordo polo que se autoriza o gasto por unha contía de tres millóns douscentos sesenta mil setecentos vinte e catro euros con setenta e tres céntimos (3.262.724,73) correspondente á obra: "acondicionamento da estrada OU-1001 Ourense-Maceda. Treito: A Granxa-acceso ao parque tecnolóxico".
- Acordo polo que se autoriza o gasto de tres millóns sesenta e sete mil trescentos oitenta euros con sesenta e seis céntimos (3.067.380,66) correspondente á obra "ensanche para carril lento na PO-331, mellora da intersección no P-Q. 14,500 e reforzo do firme no treito: O Porriño-Gondomar".
- Acordo polo que autoriza o gasto por unha contía de cinco millóns cento doce mil trescentos oitenta e tres euros con corenta e oito céntimos (5.112.383,48) correspondente á obra: "alargamento da estrada Arzúa-Portodemouros. Treito: Arzúa-Portodemouros".



- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago para a redacción da revisión do Plan xeral de ordenación municipal do devandito concello.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Xunta, o Concello de Vigo e a Autoridade Portuaria de Vigo para a construción e explotación en Vigo, na avenida de Beiramar, dun Auditorio-Pazo de Congresos, así como dunha zona complementaria.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Xunta e o Consorcio Local dos Peares para a recuperación e conservación no contorno dos ríos Bubal, Sil e Miño nos Peares.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura da addenda ao convenio de colaboración entre a Xunta e o Concello de Rianxo para a construción do Centro Sociocultural, Xuvenil e da Terceira Idade no devandito concello.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Xunta e o Concello de Ribeira para a urbanización do contorno denominado "Horta do Cura" na parroquia de Palmeira.
- Acordo polo que se valida a addenda ao convenio de colaboración entre a Xunta e a Deputación de Pontevedra para o financiamento e articulación da subvención do custo da peaxe no treito O Morrazo-Vigo da autoestrada AP-9 para os residentes na provincia de Pontevedra para o ano 2006.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura da addenda ao convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Deputación da Coruña para o financiamento e articulación da subvención do custo da peaxe no treito A Coruña-A Barcala da autoestrada AP-9 para os residentes na provincia da Coruña.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta e Renfe Operadora para prestación de servizos ferroviarios deficitarios en Galicia.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza o convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Deputación Provincial da Coruña para o funcionamento do centro Rafael Puga Ramón.
- Acordo polo que se autoriza o convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización do II Máster en Avaliación e Orientación de Competencias e Cualificacións Profesionais.
- Acordo polo que autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e o Ministerio de Educación e Ciencia para o desenvolvemento das accións recollidas no Convenio-Marco Internet en el aula,



asinado polo Ministerio de Educación e Ciencia e o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio e a entidade pública empresarial *Red.es*.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Corporación para o desenvolvemento do territorio dos ríos Chanchán (Ecuador) e a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio entre a Consellería de Sanidade e a Asociación Cidadán de Loita contra a Droga da Coruña (ACLAD) para a realización de obras de reforma do inmovible onde se localiza a comunidade terapéutica.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Acordo polo que se autoriza o convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e a Axencia de Desenvolvemento Provincial de Imbabura (Ecuador) para a elaboración de proxectos que desenvolven a *Axenda 21*.

CONSELLERÍA DE TRABALLO

- Acordo polo que se autorizan convenios de colaboración entre a Consellería de Traballo con cada unha das seguintes entidades: Confederación de Empresarios de Pontevedra, Universidade de Vigo, Associação Industrial do Minho, Associação Empresarial de Viana do Castelo, Consello Sindical Interrexional Galicia-Norte de Portugal, Uniao Empresarial do Vale do Minho, Associação empresarial do Alto Tâmega para o desenvolvemento de actividades de información e difusión do Eures-Transfronteirizo Norte de Portugal-Galicia.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

- Acordo polo que autoriza a sinatura do convenio entre o Instituto Galego de Vivenda e Solo e Xestur Lugo, S.A. para a adquisición de diversos inmoables na provincia de Lugo.



INFORMES

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe sobre o dispositivo portátil para a sinatura dixital dos altos cargos da Xunta de Galicia.



VICEPRESIDENCIA ACHEGARÁ MÁIS DE 1,2 MILLÓNS DE EUROS PARA A ATENCIÓN DE MENORES EN DISTINTOS CENTROS

- *Prorrogaranse os convenios co centro “Emilio Romay” da Coruña, co centro de día “Arela-López Mora” e con “Aclad Alborada” de Vigo, e co “Príncipe Felipe” de Pontevedra*
- *A Xunta asinará un convenio coa Asociación “Acolle” para melloras nas súas iniciativas con persoas maiores*

O Goberno galego, na súa xuntanza de hoxe, aprobou a sinatura da prórroga dos convenios de colaboración entre a Xunta de Galicia e diferentes entidades para a atención de menores. En total, a Vicepresidencia investirá 1.245.800 euros nestes proxectos. Concretamente, o Consello da Xunta deulle o visto e prace esta mañá á sinatura da prórroga do convenio entre a Vicepresidencia e a Deputación Provincial de Pontevedra para a atención de menores no centro residencial “Príncipe Felipe” de Pontevedra, cuxo investimento ascende a 543.234 euros. A Vicepresidencia da Xunta prorrogará tamén o convenio coa Deputación Provincial da Coruña para a atención de menores no centro residencial “Emilio Romay”, cun orzamento de 286.160 euros.

A Vicepresidencia da Xunta investirá ademais 168.279 euros para a execución da medida xudicial de asistencia ao centro de atención de día “Arela-López Mora”, a través do convenio que se vai prorrogar coa Asociación Arela. A finalidade deste convenio é acadar unha asistencia integral para os menores con problemas de inadaptación social, para o que a Asociación Arela conta con este centro de atención, que posibilita a execución de medidas xudiciais alternativas ao internamento impostas polos xulgados de menores.

Por último, coa entidade “Aclad Alborada” Vigo, tamén a Vicepresidencia prorrogará o convenio para a atención de menores, que terá unha partida orzamentaria de 248.127 euros.

Asociación “Acolle”

Por outra parte, o Goberno galego autorizou tamén hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a Asociación Galega de Residencias de Anciáns de Iniciativa Social “Acolle”, entidade sen ánimo de lucro que traballa a prol dos maiores en situación de necesidade. Este convenio, que supón un investimento de 250.000 euros, ten coma finalidade prestarlle a esta asociación asistencia



técnica e económica para o desenvolvemento da súa actividade e para o fomento e promoción de actuacións e medidas favorecedoras da plena participación dos maiores na sociedade e da mellora da súa calidade de vida.



VICEPRESIDENCIA E MINISTERIO DE TRABALLO INVISTEN MÁIS DE 500.000 EUROS EN PROGRAMAS SOCIAIS PARA A ERRADICACIÓN DA POBREZA

- ***Galicia e Madrid achegan tamén 827.416 € para a execución do Plan de Acción Integral para Persoas con Discapacidade***

O Goberno galego, na súa xuntanza de hoxe, autorizou a sinatura do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Xunta e o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais para a realización de programas de intervención social integral para a erradicación da pobreza. O investimento total do convenio é de 516.957 euros, a metade achegados polo departamento autonómico e a outra metade por parte da Administración central.

Os programas que se executan ao abeiro deste convenio pretenden facilitar a integración social dos sectores máis desfavorecidos. Artéllanse a través de convenios de colaboracións que se van subscribindo con entidades de iniciativa social para a implantación dunha rede integral de solidariedade dirixida á protección de persoas maiores, familias e colectivos de persoas en dificultade de exclusión social.

Persoas con discapacidade

O Consello da Xunta tamén aprobou esta mañá a sinatura dun protocolo adicional ao convenio subscrito entre a Xunta de Galicia e o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais para a realización de proxectos do Plan de Acción Integral para Persoas con Discapacidade, cuxo investimento total ascende a 827.416 euros, cuxa metade (413.708 euros) é achegada pola Vicepresidencia da Xunta e a outra metade polo Goberno central.

Neste plan inclúense, por unha parte, os programas de atención persoal e vida autónoma dirixidos a mulleres con discapacidade e a outras persoas con graves discapacidades que conviven coa familia no fogar (servizos de asistencia persoal, actividades de rehabilitación, etc). Por outra parte, a través deste plan realízanse tamén programas de atención socio-sanitaria a persoas con graves discapacidades (coidados especializados a domicilio, estancias temporais, etc). Finalmente, outro tipo de programas que se executan son os de apoio a familias coidadoras que teñen ao seu cargo persoas con graves discapacidades (intervención temperá, adaptacións de vivendas, accións tutelares, asesoramento, etc).



APROBADO O DECRETO POLO QUE SE REGULA A DESIGNACIÓN DOS VOGAIS DO CONSELLO REITOR DO CENTRO DE ESTUDOS XUDICIAIS E SEGURIDADE PÚBLICA DE GALICIA

O Consello da Xunta aprobou, na súa reunión de hoxe, o decreto polo que se regula a designación de determinados vogais do Consello Reitor do Centro de Estudos Xudiciais e Seguridade Pública de Galicia, promovido pola Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Segundo se reflicte no texto do decreto polo que se establece a composición do seu Consello Reitor, o Centro de Estudos Xudiciais e Seguridade Pública de Galicia debe contar con dous representantes provenientes da Administración de Xustiza, que serán designados do xeito que regulamentariamente se estableza; con catro representantes dos concellos de Galicia, coa condición de que se garanta a representatividade e a pluralidade política que existe no ámbito municipal; un representante do profesorado do Centro de Estudos Xudiciais e Seguridade Pública de Galicia; catro representantes das policía locais; e ata catro membros provenientes de asociacións de bombeiros ou voluntarios civís, se é o caso.

Regulamento

Co obxecto de concretar os procedementos de designamento, o Consello da Xunta autorizou hoxe o novo decreto que desenvolve a composición do Consello Reitor deste organismo.

Así, segundo se desprende do texto do decreto, os dous representantes do persoal ao servizo da Administración de Xustiza no Consello Reitor serán designados polos dous sindicatos máis representativos neste ámbito. Por outra banda, os membros provenientes dos concellos de Galicia terán que ser designados polas asociacións de concellos que estean legalmente constituídas, coa premisa de que se respecte a representatividade e a pluralidade existente no eido municipal.

O representante do profesorado no Consello Reitor do Centro de Estudos Xudiciais e de Seguridade Pública de Galicia será designado polo presidente do centro, por proposta do seu director.

Por outra banda, as asociacións de voluntarios civís, legalmente constituídas, designarán dous representantes no Consello Reitor do Centro de Estudos Xudiciais mentres que os outros dous serán designados polas asociacións de bombeiros legalmente constituídas.



Finalmente, os catro representantes das policía locais no Consello Reitor deste Centro serán designados polos sindicatos máis representativos dentro do ámbito municipal.



EMIGRACIÓN COLABORARÁ COA CRUZ VERMELLA PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACCIÓNS DE SENSIBILIZACIÓN SOCIAL A PROL DA EMIGRACIÓN

▪ *A Secretaría Xeral achegará un total de 300.000 euros á posta en marcha destas accións*

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a entidade Cruz Vermella para o desenvolvemento de accións de sensibilización social a prol dos colectivos inmigrantes. Para este cometido, a Xunta achegará, a través da Secretaría Xeral de Emigración, un total de 299.999 euros.

A Secretaría Xeral de Emigración é o organismo encargado da execución das políticas autonómicas en materia de inmigración e retorno á Comunidade Autónoma. Ao tempo, encárgase de determinar as bases e os criterios da política de integración social e laboral dos inmigrantes, promovendo a participación e a colaboración de todos os axentes sociais nas actuacións que se realizan e promovendo a sensibilización social a favor da colectividade inmigrante.

Na consecución destes obxectivos, a Secretaría Xeral de Emigración procurará buscar liñas de cooperación con distintas entidades que teñan estes mesmos fins, como é o caso da Cruz Vermella, que promove accións na procura dunha convivencia multicultural e a favor da tolerancia, loitando contra a xenofobia.

Na actualidade, a Cruz Vermella dispón dunha relevante estrutura ao servizo da integración das persoas inmigrantes e conta cunha acreditada experiencia neste eido, froito do desenvolvemento de distintos programas a favor da integración social dos inmigrantes.

Accións que se desenvolverán

Así, ao abeiro do convenio que será asinado proximamente entre a Xunta e a Cruz Vermella, esta ONG encargarse de contribuír a unha maior sensibilización social sobre as necesidades de integración intercultural e de integración sociolaboral dos inmigrantes.

Así mesmo, a Cruz Vermella encargarse de achegar á cidadanía unha imaxe positiva do feito migratorio, dos inmigrantes como portadores de



innovación, riqueza e diversidade cultural, creando un estado de opinión que sexa favorable á inmigración e o retorno.

Encargarase tamén a ONG de divulgar entre a opinión pública valores antirracistas e principios de igualdade máis solidarios que permitan combater a discriminación cultural, étnica ou racial. Para o desenvolvemento destas accións, a Cruz Vermella imprimirá material informativo do tipo carteis, trócticos ou folletos; e inserirá mensaxes en prensa, radio e televisión durante o mes de decembro, por considerarse as datas máis axeitadas de cara á sensibilización da poboación.



A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E AS UNIVERSIDADES GALEGAS COLABORAN NA ORGANIZACIÓN DE CURSOS DE ESPECIALIZACIÓN EN MATERIA FINANCEIRA E TRIBUTARIA

- *O Consello da Xunta autorizou na súa reunión de hoxe a sinatura de seis convenios de colaboración entre a Consellería, a UDC e a USC*

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a sinatura de seis convenios de colaboración entre a Consellería de Economía e Facenda, a Universidade de A Coruña (UDC) e a Universidade de Santiago de Compostela (USC) para a celebración de tres másters e tres cursos de especialización en materia económica, financeira e tributaria. Os acordos contemplan a realización do Máster en Administración Financeira e Tributaria por parte da Universidade de A Coruña. Os cursos que terán como sede a Universidade de Santiago de Compostela son o Curso de Especialización en Dereito Tributario, o Curso de Posgrao de Administración Financeira e Tributaria, o VI Curso de Especialización en Propiedade Industrial e Intelectual e Dereito da Competencia pola USC, o Máster en Banca e Finanzas, e o Máster de Economía Sectorial Internacional.

A subscrición destes convenios de colaboración obedece á vontade de apoio por parte da Consellería de Economía e Facenda de todas aquelas iniciativas que signifiquen estudo, información e documentación sobre materias xurídicas, económicas e financeiras. Por outra parte, as universidades galegas teñen entre os seus obxectivos contribuír a unha maior especialización e afondar en temas que lles son propios a través de cursos, másters e seminarios.

Contidos dos cursos

O **Máster en Administración Financeira e Tributaria**, que se celebrará na Universidade da Coruña, inclúe no seu programa materias como o sistema tributario español, a fiscalidade internacional, a fiscalidade de produtos financeiros e do comercio electrónico e a contabilidade financeira, de sociedades e analítica.

O **Máster de Economía Sectorial Internacional**, que organizará a Universidade de Santiago de Compostela, tratará temas como o panorama socioeconómico internacional, a economía europea, a economía sectorial, a dirección de empresas, a normativa europea e internacional, e a análise e valoración de proxectos de investimento. O máster ocuparase ademais do sistema financeiro español e internacional, a estatística aplicada, os métodos econométricos e aplicacións informáticas, e a evolución e



perspectivas internacionais de América Latina, Asia e África, de América do Norte, Europa e doutras áreas.

O **Máster en Banca e Finanzas, da USC**, ten como obxectivo a formación de especialistas de alto nivel no sector bancario e financeiro. Este máster centrarase no estudo e coñecemento do sector financeiro galego e español e das súas posibilidades de expansión e desenvolvemento, así como na análise do marco xurídico destes e nas técnicas de dirección e xestión.

O **VI Curso de Especialización en Propiedade Industrial e Intelectual e Dereito da Competencia** ten como finalidade a difusión destas materias e a análise do ordenamento xurídico relacionado con elas.

O **Curso de Especialización en Dereito Tributario** versará sobre o IRPF e outros impostos de carácter estatal e autonómico, sobre a tributación local, as liquidacións, a inspección, a recadación, os recursos, infraccións e sancións. Unha parte do curso dedicarase a nocións de contabilidade e a contabilidade de sociedades.

O **Curso de Posgrao de Administración Financeira e Tributaria** tratará sobre contabilidade, finanzas, informática, dereito administrativo, dereito financeiro e tributario, sistema tributario español, integración da fiscalidade e a contabilidade, facenda pública, e proxecto de empresa.



POLÍTICA TERRITORIAL FINANCIA CON 2.420.000 EUROS OS SERVIZOS DEFICITARIOS DE RENFE EN GALICIA

- *A achega da Xunta corresponde aos servizos entre A Coruña e Ferrol, Monforte-A Coruña e Ourense-A Mezquita*
- *A Administración autonómica e RENFE-Operadora teñen vontade de negociar un marco de colaboración de vixencia plurianual*

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes destina un total de 2.420.000 euros ao financiamento dos servizos ferroviarios rexionais deficitarios este ano. Este pagamento foi autorizado hoxe polo Consello da Xunta.

As conexións deficitarias que reciben subvención da Xunta de Galicia son, concretamente, tres servizos diarios por sentido entre A Coruña e Ferrol, dous servizos diarios por sentido entre Monforte e A Coruña e un servizo diario por sentido entre Ourense e A Mezquita.

Por outra parte, proximamente asinarase un convenio no que se recollerá a necesidade de definir novos obxectivos de colaboración entre RENFE-Operadora e a Xunta de Galicia, co fin de configurar unha nova estratexia para manter un sistema ferroviario eficaz e de calidade en Galicia, integrado e coordinado cos outros modos de transporte rexional e municipal.

Neste sentido, tanto a Administración autonómica como RENFE-Operadora teñen a vontade de negociar un novo marco de vixencia plurianual que teña por finalidade manter os servizos ferroviarios rexionais en Galicia.



POLÍTICA TERRITORIAL INVESTIRÁ 5,1 MILLÓN DE EUROS NO ACONDICIONAMENTO DA ESTRADA ARZÚA-PORTODEMOUROS

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes investirá un total de 5,1 millóns de euros nas obras de acondicionamento da estrada AC-905 Arzúa-Vila de Cruces, no treito que vai de Arzúa a Portodemouros.

O Consello da Xunta aprobou hoxe o investimento por parte da CPTOPT neste proxecto que ten por obxectivo reducir o tempo de percorrido, aumentar a seguridade viaria e resolver os problemas de comunicación existentes entre as localidades de Arzúa e Portodemouros.

Das obras de mellora da dita estrada, que terán un prazo de execución de 36 meses, beneficiaranse algo máis de 27.300 habitantes dos concellos de Sobrado, Boimorto, Arzúa, Vila de Cruces e Silleda.

As obras deste trazado, de 9,8 quilómetros de lonxitude, suporán un investimento de 5.112.383 euros, aos que hai que sumar outros 869.307 euros que corresponden ao pagamento de expropiacións.



PRETO DE 3,3 MILLÓN DE EUROS PARA A MELLORA DA ESTRADA OURENSE-MACEDA

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes investirá preto de 3,3 millóns de euros nas obras de mellora da estrada OU-101, entre Ourense e Maceda.

O Consello da Xunta aprobou hoxe o investimento por parte da CPTOPT neste proxecto, que ten por obxectivo a mellora dos parámetros da vía co fin de reducir o tempo de percorrido e aumentar a seguridade viaria.

Das obras de mellora da dita estrada, que terán un prazo de execución de 24 meses, beneficiaranse 122.750 habitantes dos concellos de Ourense, O Pereiro de Aguiar, San Cibrao das Viñas, Paderne de Allariz e Maceda.

As obras deste trazado, de 4,8 quilómetros de lonxitude, suporán un investimento de 3.262.724 euros, aos que hai que sumar outros 508.016 euros que corresponden ao pagamento de expropiacións.



POLÍTICA TERRITORIAL INVESTIRÁ 3 MILLÓNS DE EUROS NA MELLORA DA ESTRADA PORRIÑO-GONDOMAR

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes investirá un total de 3 millóns de euros nas obras de mellora da estrada PO-331 entre O Porriño e Gondomar.

O Consello da Xunta aprobou hoxe o investimento por parte da CPTOPT neste proxecto, que ten por obxectivo o alargamento e mellora da actual estrada realizando correccións de curvas. Así mesmo, dotarase a vía dun carril adicional para vehículos lentos, de 2,500 quilómetros de lonxitude, entre os puntos quilómetros 15+600 e 18+000, e de glorietas nas intersencións da dita estrada coa PO-332 e coa PO-341.

Das obras de mellora de dita estrada, que terán un prazo de execución de 24 meses, beneficiaranse algo máis de 335.000 habitantes dos concellos do Porriño, Mos, Vigo e Gondomar

As obras deste trazado, de 12,9 quilómetros de lonxitude, suporán un investimento de 3.067.380 euros, aos que hai que sumar outros 95.329 euros que corresponden ao pagamento de expropiacións.



POLÍTICA TERRITORIAL INVESTIRÁ 18.570.000 EUROS NA CONSTRUCCIÓN E EXPLOTACIÓN DO AUDITORIO-PAZO DE CONGRESOS EN VIGO

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes investirá un total de 18.570.000 euros, repartidos en tres anualidades ata o 2008, na construción e explotación do Auditorio-Pazo de Congressos, que se situará na Avenida Beiramar, en Vigo. Este investimento inclúe tamén unha zona complementaria, que poderá ser explotada conxuntamente co Auditorio-Pazo de Congressos, co obxecto de proporcionarlle servizos accesorios e contribuír ao financiamento da súa construción e explotación.

O Consello da Xunta autorizou unha addenda ao dito convenio pola que se acomete un reaxuste das partidas orzamentarias inicialmente previstas para financiar a obra. Esta addenda vén xustificada polo feito de que o Concello de Vigo aínda non procedeu á adxudicación do proxecto e que, polo tanto, non se poderán xustificar obras no presente exercicio.

Deste xeito, as partidas orzamentarias que estaban previstas para os anos 2004 e 2005 súmanse as xa previstas para o 2006, polo que a cantidade prevista para o vindeiro ano ascende a 7.619.422 euros. A CPTOPT formalizará en 2007 o pagamento de 5.017.606 euros e os 5.932.972 euros restantes pagaránse en 2008.



A XUNTA DESTINARÁ 1,3 MILLÓNS DE EUROS A SUBVENCIONAR O BONO PEAXE DE RANDE O VINDEIRO ANO

- **Ademais, a Consellería incrementa en preto de 480.000 euros a achega para este ano**

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes destinará o vindeiro ano un total de 1,3 millóns de euros a cubrir o 50% do importe dos bonos peaxe no treito O Morrazo-Vigo, na Autoestrada AP-9, para os residentes na provincia de Pontevedra.

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Deputación de Pontevedra, segundo a cal a CPTOP financiará con 1,3 millóns de euros a metade do custo total dos ditos bonos peaxe. A Deputación de Pontevedra deberá asumir o 50% restante, para o que terá que incluír unha cantidade igual nos seus orzamentos.

Independentemente da contía agora autorizada, ambas administracións comprométese a que, en caso de ser necesario, se incremente a partida consignada para este fin.

Ademáis, o Consello da Xunta autorizou así mesmo unha segunda addenda, de 479.080 euros que achegará a Consellería de Política Territorial para financiar o 50% do incremento de tarxetas bono peaxe experimentado este ano. Esta addenda vén xustificada porque os créditos establecidos inicialmente para 2005 eran insuficientes para subvencionar totalmente o custo correspondente ao presente exercicio, debido ao incremento do número de tarxetas e a unha maior difusión desta subvención.

Ao igual que para o vindeiro ano, no caso desta segunda addenda, a Deputación de Pontevedra deberá asumir o 50% restante do custo dos bonos peaxe, é dicir, outros 479.080 euros.



O INVESTIMENTO DE 17 MILLÓNS DE EUROS PARA A MELLORA DO TRAZADO DA AC-550 DENDE O LÍMITE DE MUROS ATA NOIA

- *A Xunta aprobou a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados por este treito*

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes investirá un total de 17 millóns de euros na mellora do trazado e capacidade da estrada AC-500 no treito que vai dende o límite municipal de Muros ata a localidade de Noia, pasando pola Serra de Outes.

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se declara a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo trazado de devandita vía.

Con esta declaración iníciase o proceso para a expropiación dos terreos necesarios para a execución das obras.

O proxecto, que se encadra dentro das actuacións da Rede Primaria Básica da Xunta de Galicia, consistirá na mellora do trazado e da capacidade da AC-550. Cabe salientar que a actual estrada entre Muros e Noia discorre na súa totalidade por unha gran cantidade de núcleos urbanos, o que dificulta o percorrido entra ambas localidades, polo que se precisa dunha infraestrutura con capacidade suficiente.

O novo trazado, de algo máis de 6 quilómetros, dará servizo a preto dos 33.000 habitantes residentes nos concellos de Muros, Outes e Noia.

Do orzamento total do proxecto, 14.858.689 euros corresponden á súa execución, mentres que os 2.238.973 euros restantes se destinarán ao pagamento de expropiacións.

A data estimada para o inicio das obras será o primeiro trimestre de 2006, e estas rematarán un ano despois, é dicir, no primeiro trimestre de 2007.



A XUNTA APROBA A URXENTE OCUPACIÓN DOS BENS E DEREITOS AFECTADOS POLA FUTURA AUTOVÍA DO SALNÉS

- *O desdoblamento da actual vía rápida permitirá aumentar a capacidade e a seguridade viaria*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se declara a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo trazado da futura Autovía do Salnés.

Con esta declaración iníciase o proceso para a expropiación dos terreos necesarios para a execución das obras, que correrá por conta da sociedade "Autoestrada do Salnés, Sociedade Concesionaria da Xunta de Galicia, S.A."

O proxecto consistirá no desdoblamento da actual vía rápida do Salnés, en servizo dende 1993, e dará resposta á necesidade de aumentar a súa capacidade e seguridade viaria.

As obras deste trazado, de algo máis de 17 quilómetros, suporán o investimento de case 15 millóns de euros por parte da empresa concesionaria, dando servizo aos 34.390 habitantes dos concellos de Barro, Meis, Ribadumia, Meaño e Sanxenxo.

O orzamento destinado ás expropiacións, tanto de terreos como de bens afectados, ascende a 3.683.000 euros, aos que se engaden outros 478.000 euros para a reposición de servizos.



POLÍTICA TERRITORIAL E CONCELLO DE SANTIAGO COLABORAN NA REDACCIÓN DA REVISIÓN DO PXOU DA CIDADE

- *A Consellería destinará perto de 442.000 euros ao financiamento do custo total do proxecto*

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e mailo Concello de Santiago de Compostela colaborarán na redacción da revisión do Plan Xeral de Ordenación Urbana (PXOU) da cidade.

O Consello da Xunta aprobou un convenio de colaboración e cooperación técnica e económica entre ambas administracións para finalizar a redacción da revisión do PXOU de Santiago. Segundo este convenio, a CPTOPT financiará con 441.924 euros repartidos en tres anualidades, o custo total dos traballos indicados.

Este convenio enmárcase dentro dos obxectivos da Consellería de Política Territorial de fomentar que os concellos adapten os seus documentos de planeamento municipal á lexislación vixente e ás características particulares previstas para o seu desenvolvemento urbanístico.

Así mesmo, responde á necesidade de elaborar un novo Plan Xeral de Ordenación Municipal de Santiago adaptado ao marco xurídico estatal e autonómico coa perspectiva de procurar un desenvolvemento urbanístico equilibrado e sustentable, e contribuír ao progreso económico e social da capital de Galicia e mellorar a calidade de vida dos seus cidadáns.



POLÍTICA TERRITORIAL DESTINA 131.000 EUROS A SUBVENCIONAR OS BONOS PEAXE DA BARCALA PARA ESTE ANO E O VINDEIRO

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes achegará un total de 131.000 euros a financiar o 50% co custo das tarxetas bono peaxe no treito A Coruña-A Barcala, da autoestrada AP-9, tanto para este ano como para o vindeiro.

O Consello da Xunta autorizou unha addenda ao convenio de colaboración entre a CPTOPT e a Deputación da Coruña para o financiamento dos bonos peaxe no citado treito. Deste xeito, a Consellería achegará a metade do custe total, mentres que a cantidade restante serán achegados pola Deputación da Coruña.

Dunha banda, a CPTOPT achegará no presente exercicio un total de 21,000 euros que, ante o incremento de tarxetas bono peaxe, veñen a incrementar a contía inicialmente establecida a tal fin, e outro tanto será subvencionado polo órgano provincial.

Por outra parte, para o vindeiro ano 2006, a CPTOPT consigna unha cantidade de 110.000 euros, mentres que outro tanto deberá ser financiado pola Deputación. Non obstante, en caso de ser necesario, esta cantidade poderá ser incrementada en función da demanda de bonos peaxe existente.



POLÍTICA TERRITORIAL INVISTE 991.226 EUROS NO ACONDICIONAMENTO DA "HORTA DO CURA" NA LOCALIDADE DE PALMEIRA, EN RIBEIRA

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes inviste un total de 991.226 euros, repartidos en catro anualidades, na urbanización do contorno da "Horta do Cura", na localidade de Palmeira, no concello de Ribeira.

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dunha addenda pola que se reaxustan as cantidades orzamentarias inicialmente previstas. Deste xeito, a CPTOPT aboará con cargo á dita actuación un total de 450.253 euros este ano e 240.973 euros o vindeiro ano. Cabe salientar que os 300.000 euros restantes xa foron aboados nas anualidades correspondentes a 2003 e 2004. Esta modificación orzamentaria vén xustificada polo adianto que se está a producir na execución das obras durante este ano.

As obras de urbanización do contorno da "Horta do Cura" enmárcanse dentro das competencias en materia de urbanismo da consellería, coa finalidade de adecuar dende o punto de vista ambiental os contornos en que se desenvolve a vida dos cidadáns.



POLÍTICA TERRITORIAL INVISTE 465.000 EUROS NA RECUPERACIÓN DO ENTORNO DOS RÍOS BUBAL, SIL E MIÑO NOS PEARES

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes inviste un total de 465.000 euros na recuperación e conservación do contorno dos ríos Bubal, Sil e Miño, no concello ourensán dos Peares.

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dunha addenda ao convenio inicial asinado polo anterior Executivo, segundo a cal se establece un reaxuste das anualidades orzamentarias previstas para os anos 2004 e 2005, así como a ampliación do prazo das obras de recuperación.

Deste xeito, os 465.000 euros quedan repartidos nunha anualidade de 363.213,33 euros no ano 2004 (anteriormente estaban previstos 423.244,32 euros), e os 101.786,67 euros restantes para 2005 (antes 41.755,68). Así mesmo, amplíase de novembro a decembro deste ano o prazo para a recuperación e o acondicionamento do contorno dos citados ríos.



A XUNTA FINANCIA CON 300.506 EUROS A CONSTRUCCIÓN DO CENTRO SOCIOCULTURAL, XUVENIL E DA TERCEIRA IDADE DE RIANXO

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes destina un total de 300.506 euros nas obras de construción do Centro Sociocultural, Xuvenil e da Terceira Idade de Rianxo e a súa incorporación ao patrimonio público municipal.

O Consello da Xunta aprobou hoxe unha addenda ao convenio asinado polo anterior Executivo o pasado ano , segundo a cal se realiza un axuste das anualidades orzamentarias previstas co obxectivo de adecuar o financiamento das obras ao seu prazo de execución.

Deste xeito, a anualidade de 150.253 euros prevista para este ano formalizarase o vindeiro ano 2006, mentres que os outros 150.253 euros restantes xa foron pagados en 2004.



XUNTA E GOBERNO CENTRAL INVISTEN CASE 7 MILLÓNS DE EUROS NO FOMENTO DAS TIC ´s NO ENSINO

- *Educación e o MEC asinarán un convenio que inclúe distintas accións encamiñadas a introducir a Sociedade da Información no ámbito educativo*
- *O acordo inclúe actuacións de formación do profesorado e a iniciativa Familias conectadas coa posta en marcha de telecentros á disposición das familias*

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e o Ministerio de Educación e Ciencia asinarán proximamente un convenio de colaboración que contribuirá a introducir plenamente a Sociedade da Información e do Coñecemento no ámbito educativo, facilitando a incorporación da sociedade española no uso e aproveitamento das Tecnoloxías da Información e das Comunicacións (TIC). O Goberno galego deulle hoxe o visto e praxe ao acordo, no que a Administración educativa investirá case sete millóns de euros.

O convenio abordado hoxe polo Consello da Xunta prevé o desenvolvemento das actuacións recollidas no acordo marco entre os Ministerios de Educación e Ciencia; e de Industria, Turismo e Comercio e entidade pública empresarial *Red.es*, para a posta en marcha do programa Internet na aula.

Segundo recolle o convenio de colaboración, as accións que del se derivan inclúen actuacións de apoio metodolóxico para a comunidade educativa; de seguimento e avaliación da implantación da Sociedade da Información nos centros educativos; de fomento da elaboración, difusión e utilización de materiais didácticos dixitais para a comunidade educativa; accións dirixidas á capacitación de docentes e asesores de formación de profesores; para fomentar o uso e posta á disposición de aplicacións e recursos informáticos dirixidos ao ámbito educativo; actuacións de converxencia e a iniciativa Familias conectadas.

As accións de apoio metodolóxico para a comunidade educativa pretenden proporcionar soporte metodolóxico a docentes e centros educativos, potenciando, ao mesmo tempo, aqueles axentes esenciais para o uso eficaz das TIC ´s no contexto escolar.

Do mesmo xeito, co seguimento e avaliación da implantación da Sociedade da Información nos centros educativos, Xunta e Goberno central pretenden obter unha imaxe real do estado actual da implantación das TIC ´s no sistema educativo español. Así, deseñarase un plan para realizar unha avaliación na que se levarán a cabo estudos que informen sobre o plan para a introdución das TIC ´s no sistema educativo.



Apoio nos niveis educativos

As accións de fomento da elaboración, difusión e utilización de materiais didácticos dixitais para a comunidade educativa pretenden prestar apoio ao desenvolvemento do currículo dos distintos niveis, áreas e materias do ensino en niveis anteriores á universidade.

O acordo tamén inclúe actuacións dirixidas á capacitación de docentes e asesores de formación de profesores co fin de facilitar a formación nas TIC's e no uso pedagóxico destas ferramentas ao profesorado e aos asesores de formación de profesores. Deste xeito, o MEC comprométese a deseñar accións de formación presencial e a distancia e no desenvolvemento de materiais específicos para o profesorado e os asesores de formación do profesorado. Pola súa banda, a Consellería de Educación participará e contribuirá no deseño de accións de formación nos grupos de traballo que se creen, así como a executar accións concretas nesta materia.

A Xunta e o Goberno central tamén colaborarán na posta en marcha de actuacións para fomentar o uso e posta á disposición de aplicacións e recursos informáticos dirixidos ao ámbito educativo, que pretenderán facilitar as tarefas de ensino-aprendizaxe e a mellora os sistemas de organización dos centros e de xestión dos recursos.

O obxectivo que pretenden as partes asinantes levando a cabo actuacións de converxencia é salvagardar os criterios de cohesión territorial, non discriminación, igualdade de oportunidades e innovación atendendo ás desigualdades derivadas de diferenzas de orixe social, xeográfica ou de calquera outra causa e as discapacidades sufridas polos alumnos.

A iniciativa Familias conectadas tratará de impulsar a participación das familias no proceso educativo a través das novas tecnoloxías, mediante a instalación de telecentros postos á disposición das familias dos alumnos nos centros educativos.

Ao redor de 7 millóns de euros

No epígrafe de financiamento destas accións, o MEC achegará un total de 6.306.061 euros distribuídos nas anualidades 2005, 2006, 2007 e 2008. Este investimento irá destinado principalmente a sufragar os gastos das accións de fomento da elaboración, difusión e utilización de materiais didácticos dixitais para a comunidade educativa. A Consellería de Educación contribuirá tamén no financiamento desta acción achegando 375.406 euros no período 2005-2008.



Ademais, o MEC transferirá á Consellería de Educación un total de 129.447 euros para as actuacións dirixidas á capacitación de docentes e asesores de formación de profesores.

No que atinxe ás restantes accións recollidas no acordo, tanto o MEC como a Consellería desenvolveranas a través das súas unidades especializadas, sen que supoña investimento a maiores.

Finalmente, o Comité Técnico de TIC´s en Educación será o encargado de orientar e coordinar estas actuacións. Este órgano, facultado pola Conferencia de Educación, estará composto por representantes do MEC e por responsables das TIC´s en Educación de cada Comunidade Autónoma.



A XUNTA AUTORIZA A TRANSFORMACIÓN DO CEP PRÍNCIPE FELIPE DE PONTEVEDRA EN CENTRO DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA

O Consello da Xunta aprobou o decreto polo que se transforma o centro público de educación primaria Príncipe Felipe do concello de Pontevedra en centro de educación infantil e primaria, integrando nel as unidades de infantil do centro de educación infantil Príncipe Felipe de Pontevedra, que se suprime como tal.

Para esta integración, a Deputación Provincial de Pontevedra acometeu no edificio onde se vai situar o CEIP –o extinguido centro de educación primaria- as obras necesarias para impartir as ensinanzas de educación infantil de acordo Real decreto 1537/2003, do 5 de decembro, polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que imparten ensinanzas de réxime xeral. Esta actuación non supón incremento no custo de persoal, equipamentos ou gastos de funcionamento.

Así, o novo CEIP contará con 3 unidades de educación infantil e 6 de educación primaria. Coa transformación deste centro e a integración das unidades do edificio de educación infantil preténdese a continuidade lóxica do ensino nas súas primeiras etapas educativas, ao tempo que se procura acadar un mellor aproveitamento dos recursos existentes.



EDUCACIÓN E A USC COLABORAN NO II MASTER EN AVALIACIÓN E ORIENTACIÓN DE COMPETENCIAS E CUALIFICACIÓNS PROFESIONAIS

O Consello da Xunta autorizou a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización do II Máster en avaliación e orientación de competencias e cualificacións profesionais. A Administración educativa galega colabora neste máster achegando un total de 18.030,36 euros, repartidos en dúas anualidades: 7.500 euros no ano 2005 e 10.530,36 en 2006.

O obxecto deste acordo é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre o departamento educativo autonómico e a USC para a realización do citado máster. Así, este convenio recolle que a Consellería de Educación participará con cinco persoas pertencentes ao seu persoal adscrito e contribuirá a sufragar parte dos gastos de realización do máster. Ao mesmo tempo, colaborará no máster no seu proceso académico, especialmente nas actividades prácticas, posibilitando ao alumnado a realización destas nos centros docentes e servizos dependentes da Consellería.

A vixencia deste convenio esténdese desde a data da súa sinatura ata o fin do máster, que non poderá sobrepasar o 31 de decembro de 2006, data ata a que figuran comprometidos créditos.

O acordo de colaboración entre a Consellería de Educación e a USC inclúe tamén o programa do máster nun dos seus anexos. Nel recóllense os contidos do curso, que se dividen en 9 módulos e comprenden un total de 60 créditos.

EDUCACIÓN CONTRIBÚE CON CASE 500.000 EUROS A FINANCIAR O IES RAFAEL PUGA RAMÓN DA CORUÑA



O Consello da Xunta autorizou o compromiso que deriva do convenio entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Deputación Provincial da Coruña para o funcionamento do centro Rafael Puga Ramón, dependente desta deputación.

Segundo este acordo, a Administración educativa galega achegará 485.097 euros para anualidade de 2006, e o importe distribuirase en tres cuadrimestres en partes equitativas, o que supón un total de 161.699 euros por cuadrimestre.

Mediante a formalización deste convenio mantense a subvención que se lle viña outorgando ata a actualidade a este centro docente, co obxecto de cubrir o servizo público que presta aos alumnos escolarizados nel. Este convenio renovarase por anos naturais por acordo expreso das partes, mediante a formalización da correspondente addenda.



MEDIO RURAL EMPRENDE UN PROXECTO DE COOPERACIÓN EN ECUADOR PARA INCENTIVAR O SEU DESENVOLVEMENTO RURAL COA IMPLICACIÓN DOS AXENTES LOCAIS

- *A Consellería do Medio Rural, a través da Axencia Galega para o Desenvolvemento Rural, desenvolverá un proxecto de cooperación en Ecuador destinado a fomentar un desenvolvemento rural sustentable, coa aplicación das ensinanzas da iniciativa Leader, co obxectivo de asegurar a participación da poboación no seu propio proceso de desenvolvemento e de proporcionarlle asistencia técnica para apoiar a construción e o fortalecemento rural mediante a diversificación económica no contorno dos ríos Chanchán e Chimbo.*

O Consello da Xunta acordou autorizar a sinatura do convenio de colaboración entre a Corporación para o desenvolvemento do territorio dos ríos Chanchán e Chimbo (Ecuador) e a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader), como forma de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares por importe de 50.954 euros, que se aboarán nas anualidades de 2005 (8.000 euros) e 2006 (45.984 euros).

No marco do proxecto Expider, Agader e o Banco Interamericano de Desenvolvemento comprometéronse a pór en marcha unha experiencia piloto nos catro cantóns da provincia de Chimborazo (Ecuador), co obxectivo de fomentar un desenvolvemento rural sustentable mediante un enfoque territorial, integrado e participativo. Entre outras actividades, Agader apoia a formación dunha organización local de desenvolvemento rural (OLDER) e como resultado dos traballos realizados co obxectivo de ordenar os recursos de investimento na zona e de xerar capacidades locais así como de mobilizar o sector privado para mellorar a súa competitividade e promover os temas relativos ao medio rural nos espazos políticos. Como resultado destes traballos iniciáronse os trámites para a constitución da Corporación para o desenvolvemento do territorio dos ríos Chanchán e Chimbo.

O proxecto ten como finalidade fomentar un desenvolvemento rural sustentable coa incorporación das ensinanzas da iniciativa Leader, co fin de asegurar a participación da poboación no seu propio proceso de desenvolvemento e de proporcionar asistencia técnica para apoiar a construción e o fortalecemento da institucionalidade local rural, a participación dos actores locais e a diversificación económica.

Mediante este convenio realizaranse a contratación de equipo técnico, adquisición de bens de equipo e material de oficina e financiamento dos investimentos necesarios para asegurar a posta en marcha da Corporación para o desenvolvemento do territorio dos ríos Chanchán e Chimbo. Custearanse tamén as viaxes e estadía en Galicia e Ecuador do persoal participante no proxecto.



No marco das funcións que ten atribuídas Agader, de acordo coa asunción das competencias da Xunta en materia de desenvolvemento rural, considérase de especial interese participar neste proxecto de cooperación co fin de proxectar cara ao exterior os avances rexistrados en materia de desenvolvemento rural e de emprender unha nova análise e estudo da participación cidadá nas estruturas encargadas de aplicar os procesos de desenvolvemento rural.

Agader aplicará, deste xeito, as ensinanzas e a experiencia adquirida logo da participación neste proxecto, na formulación de novos enfoques de desenvolvemento rural novas formas de participación que redunden no desenvolvemento competitivo do territorio rural galego.

Este convenio enmárcase na continuidade do proceso de cooperación iniciado no marco Expider e ao abeiro da Lei 3/2003, do 19 de xuño, de cooperación ao desenvolvemento, e no marco do Plan Director de Cooperación Española 2005-2008, do Plan Director Cuadrienal de Cooperación Galega 2005-2008 e do Plan Cuadrienal de Acción Exterior de Galicia 2003-2006.

O Plan director cuadrienal 2005-2008 e o Plan Anual 2005 priorizan as liñas de axudas ao desenvolvemento que, dende os distintos departamentos da Xunta, se van financiar en 14 países, entre eles Ecuador, con especial atención a aqueles sectores nos que a experiencia galega constitúe un factor competitivo como o desenvolvemento rural, a pesca e o turismo.



SANIDADE ACHEGARÁ MÁIS DE 450.000 EUROS PARA REALIZAR MELLORAS NO LOCAL DA ASOCIACIÓN CIDADÁ DE LOITA CONTRA A DROGA DA CORUÑA

- *As deficiencias graves do inmoble de saneamento, calefacción ou cubertas, así como a falla de adecuación da parcela fan urxente a súa remodelación*

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe un convenio entre a Consellería de Sanidade e a Asociación Cidadá de Loita contra a Droga da Coruña para a remodelación do inmoble desta comunidade terapéutica da entidade coruñesa. A contía disposta a través deste convenio ascende a un total de 452.613,69 euros.

Este local, situado no municipio coruñés de Culleredo, presenta actualmente graves deficiencias no sistema de abastecemento, saneamento, augas e calefacción, así como falla de adecuación á normativa actual e da parcela ao seu uso. Unha situación que fai necesario acometer con carácter urxente as obras de remodelación e acondicionamento.

Con esta reforma, a Consellería de Sanidade que dirixe María José Rubio Vidal, quere garantir que o inmoble cumpre cos requisitos precisos para a realización das actividades asistenciais precisas para o tratamento dos problemas derivados do consumo de drogas. Esta actuación recóllese no marco do Plan de Galicia sobre Drogas, que ten como obxectivo cooperar con institucións públicas e privadas para reducir a demanda do consumo de drogas.



MEDIO AMBIENTE CREA UN COMITÉ INTERDEPARTAMENTAL PARA COORDINAR AS POLÍTICAS DE DESENVOLVEMENTO SUSTENTABLE

- *O organismo estará integrado por representantes de todas as consellerías*

A Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se constitúe o Comité Interdepartamental de Desenvolvemento, promovido dende a Consellería de Medio Ambiente. Trátase dun órgano administrativo que impulsará e coordinará das actuacións sectoriais que poidan ter incidencia no eido da sustentabilidade.

O comité, que estará presidido polo conselleiro de Medio Ambiente, Manuel Vázquez, contará con representantes de todas as consellerías que conforman o organigrama da Xunta de Galicia. As súas funcións consistirán no estudo e análise das directrices das políticas da Unión Europea en materia de sustentabilidade e a formulación de medidas para o seu correcto cumprimento. Tamén elaborará propostas de integración entre as políticas sectoriais da Xunta e promoverá a coordinación administrativa das actuacións que poidan ter incidencia no eido da súa sustentabilidade.

Unha vez aprobado o decreto, as consellerías dispoñen do prazo dun mes para determinar as direccións xerais que forman parte deste órgano para proceder a constitución do Comité Interdepartamental de Desenvolvemento Sustentable.

A integración do medio natural na ampla gama de políticas que teñen incidencia sobre os aspectos relacionados coa sustentable é un dos eixes prioritarios da acción estratéxica que persegue o cumprimento da estratexia europea en prol do desenvolvemento sustentable.



MEDIO AMBIENTE PROMOVERÁ A REALIZACIÓN DE PROXECTOS DE DESENVOLVEMENTO DA AXENDA 21 EN ECUADOR

- ***A consellería achegará 30.000 euros para a realización dos estudos ambientais***

A Consellería de Medio Ambiente promoverá a realización de actuacións que permitan desenvolver a Axenda 21 na provincia de Imbadura (Ecuador). Será gracias á sinatura dun convenio de colaboración entre o departamento autonómico e a axencia de desenvolvemento da citada localidade, cuxa subscripción foi aprobada hoxe polo consello da Xunta. En virtude deste acordo, a consellería achegará 30.000 euros que permitirán a redacción de proxectos ambientais que impulsen o plan de desenvolvemento local sustentable da provincia ecuatoriana. A realización destes informes posibilitará a concurrencia a distintas axudas da Unión Europea destinadas ao cumprimento da citada Axenda 21.



A CONSELLERÍA DE TRABALLO DEDICA CASE 150.000 EUROS AO DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE INFORMACIÓN E DIFUSIÓN DO EURES TRANSFRONTEIRIZO NORTE DE PORTUGAL-GALICIA

- *O departamento que dirixe Ricardo Varela asinará varios convenios de colaboración con oito socios deste Eures co obxectivo de dar resposta ás necesidades de información ligadas á mobilidade fronteiriza de traballadores e empresarios*
- *Estes convenios, de carácter plurianual, dedicaranse á actividades como a elaboración dunha guía para os mozos sobre oportunidades de emprego nesta eurorrexión*

O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión desta mañá, autorizou a sinatura de varios convenios de colaboración entre a Consellería de Traballo e oito socios do Eures Transfronteirizo Norte de Portugal-Galicia. O obxecto destes convenios, de carácter plurianual, é desenvolver actividades de difusión e información do Eures coa finalidade de dar resposta ás necesidades de información ligadas á mobilidade fronteiriza de empresarios e traballadores.

As oito entidades coas que se subscribirán estes acordos son a Universidade de Vigo, a Asociación Industrial do Miño, a Asociación Empresarial de Viana do Castelo, a Asociación Empresarial do Alto Támega, o Consello Sindical Interrexional Galicia-Norte de Portugal, a Unión Empresarial Vale do Minho e as Confederacións Empresariais de Pontevedra e Ourense.

A través destes convenios de colaboración levaranse a cabo diversas actividades divulgativas, elaborárase unha guía dirixida á xente nova sobre as oportunidades de emprego na eurorrexión, así como un estudo de detección das carencias que condicionan a mobilidade da man de obra nesta zona, darase continuidade ao observatorio transfronteirizo de pequenas e medianas empresas, e organizaranse xornadas e seminarios específicos sobre diferentes materias do Eures.

A finalidade desta iniciativa é apoiar o desenvolvemento dos obxectivos básicos cos que se constituíu este servizo europeo de emprego (Eures) transfronteirizo, é dicir, facilitar o acceso á información sobre ofertas e demandas de emprego na área transfronteiriza, asesorar sobre a lexislación de ambos os países en materia laboral, proporcionar elementos informativos sobre condicións de vida e de traballo a ambos os lados da fronteira, e orientar en materia de formación e prácticas profesionais nesta eurorrexión.



A CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO INVESTIRÁ 1,84 MILLÓNS DE EUROS NA ADQUISICIÓN DE INMOBLES EN SEIS CONCELLOS LUCENSES, SITUADOS EN CASCOS HISTÓRICOS E NÚCLEOS RURAIS

- *As vivendas rehabilitadas destinaranse preferentemente a mozos con idades comprendidas entre 18 e 35 anos en réxime de alugueiro*
- *O Consello da Xunta aprobou o convenio polo que a Consellería de Vivenda e Solo encargará a Xestur Lugo a xestión da adquisición*

A Consellería de Vivenda e Solo adquirirá inmobles en seis concellos da provincia de Lugo, co obxectivo de destinar as vivendas resultantes prioritariamente a mozos menores de 35 anos en réxime de alugueiro. Con tal fin, investirase un total de 1.841.636,36 euros con cargo aos orzamentos de 2006.

O Consello da Xunta aprobou hoxe a sinatura dun convenio polo que a Consellería de Vivenda e Solo encargará á empresa pública Xestur Lugo a xestión da adquisición dun total de 15 inmobles nos concellos de Chantada, Ribadeo, Monforte de Lemos, Viveiro e Lourenzá, así coma un núcleo rural do concello da Fonsagrada.

Esta actuación encádrase no obxectivo da Consellería de Vivenda e Solo de promover a recuperación tanto de zonas vellas como de núcleos rurais, de maneira que se reactiven estas áreas e se fixe poboación nelas atraendo novos habitantes. Ao mesmo tempo, recuperaranse formas tradicionais de asentamento e o legado arquitectónico galego.

Doutra banda, estas actuacións permitirán facilitar o acceso á vivenda dos sectores máis novos da poboación, destinando preferentemente as vivendas rehabilitadas a mozos con idades entre 18 e 35 anos.

Tamén é intención do departamento que dirixe Teresa Táboas que estas intervencións públicas sirvan de estímulo á iniciativa privada, establecendo estándares de calidade e modelos de actuación para futuras rehabilitacións promovidas polo sector privado ou por particulares.

O convenio entre a Consellería de Vivenda e Solo e Xestur Lugo establece que a adquisición dos inmobles se realizará preferentemente mediante o acordo voluntario cos propietarios, cun investimento total máximo de 1.841.636,36 de euros no ano próximo. Nos casos en que, por carecer da documentación axeitada ou inexistencia de mutuo acordo cos propietarios, non se puidera efectuar a adquisición dos inmobles establecidos, Xestur poderá realizar a compra doutros nos mesmos concellos.



A distribución de inmobles e investimento nos respectivos concellos é a seguinte:

CONCELLO	NÚMERO DE INMOBLES	INVESTIMENTO MÁXIMO PREVISTO (EUROS)
CHANTADA	2	136.000
RIBADEO	4	228.000
MONFORTE DE LEMOS	3	560.000
VIVEIRO	3	273.600
LOURENZÁ	3	57.036,36
A FONSAGRADA	1 NÚCLEO RURAL	587.000
TOTAL		1.841.636,36



O CONSELLO DA XUNTA ESTUDA IMPLANTAR UN SISTEMA DE SINATURA DIXITAL PARA OS ALTOS CARGOS

O Consello da Xunta estudou hoxe un informe presentado polo conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, José Luis Méndez Romeu, sobre a implantación dun sistema de certificados electrónicos que permita garantir a identidade e integridade dun documento electrónico, así como a seguridade, validez e eficacia de emisión e recepción de comunicacións.

A sinatura electrónica é unha ferramenta que permite comprobar a identidade da orixe e a integridade das mensaxes intercambiadas en Internet. A Consellería de Presidencia proporcionará aos altos cargos da Xunta a súa sinatura electrónica nun dispositivo criptográfico portátil que se pode utilizar en calquera equipo mediante a súa conexión a un porto USB.

Este aparato é un avanzado dispositivo que ofrece nunha mesma chave as funcións de tarxeta intelixente e lector, e ademais dispón de memoria. Nel pódense almacenar os datos do usuario (certificados dixitais) e así, no mesmo medio que se transporta a sinatura dixital, pódense almacenar os documentos asinados electronicamente. Isto soluciona a desvantaxe de que o certificado electrónico teña que estar instalado nun ordenador, o que obrigaría ao usuario a transportalo nun disquette para o seu uso noutro equipo, dispositivo que non resulta seguro.

O dispositivo, que se entregará con todo o necesario para que poida ser utilizado en calquera ordenador, levará instalada unha aplicación web desenvolvida pola Dirección Xeral de Calidade e Avaliación de Políticas Públicas que permitirá asinar documentos electronicamente.

Na primeira fase, que está previsto que teña lugar durante este mes, ofrecerase este sistema a conselleiros, secretarios xerais das consellerías e das secretarías xerais, directores xerais e delegados provinciais. Na segunda fase continuarase co resto dos directivos da Xunta de Galicia.

Presentación telemática de declaracións e solicitudes

No seu interese por impulsar a implantación de trámites electrónicos a través de Internet e consolidar a e-Administración, a Consellería de Presidencia, por medio da súa Dirección Xeral de Calidade e Avaliación de Políticas Públicas, porá en funcionamento durante o mes de decembro un novo servizo na rede con sinatura dixital para a presentación das declaracións de actividades e interese e bens patrimoniais que deben realizar os altos cargos.



Este sistema presenta diversas vantaxes, xa que facilita a formalización das declaracións; é seguro (a información envíase encritada); garante a integridade da documentación remitida; evita desprazamentos; é un sistema confidencial e autenticado; e facilita a presentación de futuras declaracións, xa que se pode recuperar a información dos últimos documentos presentados.

Doutra banda, a consellería pretende fomentar a cultura da sinatura dixital nas institucións da Administración local galega. Actualmente xa están dispoñibles a través de Eidolocal distintos servizos de presentación telemática de solicitudes de procedementos e documentos, que realizan os concellos á Xunta con sinatura dixital, e continuarase a traballar na incorporación de novos servizos telemáticos neste ámbito. Así mesmo, estase a preparar unha normativa que regulará o uso da sinatura electrónica nas relacións entre os cidadáns e a Xunta por medios informáticos e telemáticos.